



ENAPA no CEIP López Ferreiro: As novas tecnoloxías como ferramenta educativa

Enviado por [admin0](#) [1] o Dom, 02/04/2024 - 21:57

[Curso 23_24](#) [2]

A tecnoloxía está presente en todos os ámbitos das nosas vidas. A educación non pode estar allea a esta realidade, e dentro da alfabetización múltiple que nos demanda a sociedade, as ferramentas dixitais hai que aprender a usalas dun xeito crítico.

Con todo, é un mundo que xera temores, inquedanzas e dúbidas. Para tentar clarificar algunhas destas cuestións, o martes 23 de xaneiro acompañounos a xornalista María Lobo, que tamén é membro de AGARESO, entidade na que traballa en proxectos de alfabetización mediática e comunicación para a transformación social.

Partindo dunha situación real de acoso polo uso do móbil entre maiores, demostrou como controlando o que a xente sabe, contrólase á xente. Polo tanto, nun contexto de igualdade ante o acceso a ferramentas dixitais como son os centros públicos, hai que aprender a usalas dun xeito crítico para contrastar datos e información, consultar fontes e profundizar nos feitos dun xeito analítico.



Feito con Drupal (ver. 6.28).



Proxecto Webs dinámicas

Xunta de Galicia - Consellería de Educación, 2013

Links:

[1] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/user/5>

[2] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/taxonomy/term/82>